

SEGURO DE AUTOMÓBIL

FÉNIX DIRECTO

DOCUMENTO DE INFORMACIÓN SOBRE O PRODUTO DE SEGURO

Compañía: Fénix Directo, Compañía de Seguros y Reaseguros, S. A. Entidade española sometida á regulación da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, inscrita no Rexistro de Entidades Aseguradoras co número C0706.

Produto: Fénix Ciclomotor v.04

A información precontractual e contractual completa relativa ao facilítase noutros documentos.

EN QUE CONSISTE ESTE TIPO DE SEGURO?

No seguro de automóviles existe unha garantía de contratación obrigatoria, que cobre a responsabilidade do condutor do vehículo polos danos que causar ás persoas ou aos bens a causa da circulación.



QUE SE ASEGURA?

- ✓ Responsabilidade civil obrigatoria.
- ✓ Responsabilidade civil complementaria.
- ✓ Indemnización por danos.
- ✓ Reclamación de danos.
- ✓ Accidentes corporais do condutor.
 - Óbito: 3000 €
 - Invalidez física permanente: Máx. 6000 €
 - Gastos sanitarios: 100 % destes ata aos 1500 €
- ✓ Asesoramento por multas de tráfico.

Suma asegurada:

- Responsabilidade civil obrigatoria (segundo a lei)
- Responsabilidade civil complementaria (50 millóns de euros)
- Indemnización de danos (100 % do valor vehículo)
- Reclamación de danos (100 % adiantamentos ata aos 30 000 euros)
- Dirección técnica e xurídica na reclamación de danos (100 %, se for libre elección, 600 euros)
- Dirección técnica e xurídica en Responsabilidade civil complementaria (100 %, se for libre elección, 1500 euros)



QUE É O QUE NON ESTÁ ASEGURADO?

- ✗ Condución baixo os efectos do alcohol, drogas, estupefacientes ou substancias psicotrópicas.
- ✗ Participación en carreiras, concursos e nos seus adestramentos.
- ✗ Circulación en zonas restrinxidas dos portos e aeroportos.
- ✗ A condución do vehículo sen o oportuno permiso ou licenza de condución válido para conducir o vehículo obxecto do seguro.
- ✗ A condución do vehículo sen autorización do propietario salvo para calquera persoa que poida ter o vehículo na súa custodia no caso da RC complementaria.
- ✗ Comisión do delito de omisión de socorro.
- ✗ Riscos do CCS (consorcio de compensación de seguros)



EXISTEN RESTRICIÓN S NO QUE RESPECTA Á COBERTURA?

- ! Se escoller a opción de exclusión de pasaxeiros, o condutor comprométese a conducir a súa motocicleta sen levar pasaxeiro. No caso de incumprimento deste compromiso, aplicarase unha franquía de ata 3000 euros.
- ! Asistencia en viaxe.
- ! Danos propios.
- ! Roubo-



ONDE ESTOU CUBERTO?

- ✓ En España e no resto dos países do Espazo Económico Europeo.
- ✓ Na Cidade do Vaticano, Mónaco, San Mariño e Xibraltar.
- ✓ Tamén nos países asinantes do Convenio Complementario entre as oficinas nacionais do 12/XII/1973 e nos países signatarios do Convenio Tipo Inter-Bureaux (Carta Verde).



CALES SON AS MIÑAS OBRIGAS?

- Facilitar os datos necesarios para a emisión do contrato; estes deberán ser actuais, correctos e veraces, co fin de poder asegurar correctamente o risco.
- Ler e comprobar atentamente os termos e as condicións do contrato e, en caso de erros, pedir no prazo dun mes a súa rectificación.
- Pagar os prezos. Só se se pagou o prezo, o contrato estará debidamente formalizado e en vigor, e os sinistros que se produciren a partir dese momento terán cobertura.
- Comunicar coa maior brevidade calquera modificación que se producir no contido das respostas e adaptar o contrato á nova situación mediante as accións correspondentes.
- Comunicar a ocorrencia do sinistro, as súas circunstancias e consecuencias inmediatamente e, como máximo, no prazo de 7 días. Ademais, deberán pór todos os medios ao seu alcance para diminuír as súas consecuencias, e axudar no salvamento das persoas e dos bens.



CANDO E COMO TEÑO QUE EFECTUAR OS PAGAMENTOS?

- O pagamento realizarase mediante calquera dos medios de pagamento dispoñibles da empresa o día da formalización do contrato e do mesmo modo nos sucesivos vencementos ou fraccións de pagamento.



CANDO COMEZA E FINALIZA A COBERTURA?

- A cobertura comeza o día da formalización do contrato. A duración do contrato determínase nas condicións particulares deste. Cada ano, salvo en casos especiais, o contrato vence e prorrógase de forma automática. Se o Contratante se opuxer a dita prórroga deberá notificalo ao Asegurador, polo menos, cun mes de anticipación ao vencemento. Se o Asegurador se opuxer á renovación deberá notificalo ao Contratante do seguro, polo menos, cos dous meses de antecedencia.



COMO PODO RESCINDIR O CONTRATO?

- Mediante comunicación escrita á Aseguradora, polo menos, cun mes de antecedencia ao vencemento.
- Dereito de desistencia, prazo de 14 días desde a sinatura do contrato no caso de que a contratación sexa a distancia.